Onde está o mel?

Poden os humanos e os paxaros salvaxes traballar xuntos?
No leste de África, un paxaro chamado o guía do mel axúdalle á xente a atopar o mel.

Ao guía do mel gústalle moito comer cera de abellas e larvas (os bebés das abellas) e sempre sabe onde atopar unha boa colmea. Pero o paxaro é demasiado pequeno para abrir de par en par a colmea e chegar á maior parte da deliciosa comida que hai no seu interior. Neste punto, entran os boran. Eles fan toda a súa comida e, de vez en cando, gústalles un pouco de mel fresco. Para conseguir o mel, teñen que atopar unha colmea salvaxe e coller o mel eles mesmos. Pero as colmeas son difíciles de atopar no monte. Afortunadamente, os boran teñen o guía do mel para lles axudar.



As abellas silvestres fan as súas colmeas dentro dos troncos das árbores.

COÑECE O GUÍA DO MEL
Non adiviñarías ao miralo que o guía do mel ten algo especial...
Ler máis

COÑECE OS BORAN
Os boran viven no leste de África. As súas casas están feitas de ...
Ler máis

Á CAZA DO MEL

Cando o paxaro ou os boran queren ir cazar mel, existe unha forma de chamarse entre eles. Os boran teñen un asubío especial que se pode escoitar a máis dun quilómetro de distancia. O guía do mel chama polos humanos facendo soar dúas notas unha e outra vez: tirr-tirr, tirr-tirr!

Cando o boran e o guía do mel están listos, comeza a caza. O paxaro voa ata perderse de vista. Logo volve e póusase onde sexa posible velo. Tan pronto coma a xente se pon ao seu carón, voa cara a adiante, mostrando as manchas brancas da súa cola.

Un boran asubía por un guía do mel.

O guía do mel permítelle ao boran saber que a colmea está cerca do chan voando debaixo da copa das árbores. Se voa máis alto, iso significa que a colmea está dentro dunha árbore.

Entón póusase de novo e agarda. O boran fai ruído para que o paxaro saiba que aínda o está seguindo. Asubía, golpea a madeira e fala en voz alta.

A medida que se achegan á colmea, o guía do mel póusase máis a miúdo. Tamén empeza a pousarse preto do chan. O boran pode recoñecer que se está acercando.

Ao final, cando atopa a colmea, o guía do mel fai un novo ruído. Dille ao boran: “Ei, xa chegamos!”, nun ton suave con pausas longas entre as notas. Algunhas veces voa en círculos ao redor da colmea.

O boran acende un lume. Cun anaco de madeira fumeante, espanta as abellas. Entón abre a colmea e recolle o mel. Déixanlle ao guía do mel un montón de cera e larvas.

AMBOS GAÑAN

Sen a axuda do paxaro, o boran di que lle levaría case nove horas atopar unha colmea. Algunhas veces non poden atopar ningunha. Pero co guía do mel indicando o camiño, a caza leva tres horas e case sempre atopan unha colmea. Sen o boran, o guía do mel xeralmente só pode picar un pouco a porta de entrada da colmea. Pero coa axuda dos humanos, o seu fume, e as súas ferramentas, o guía do mel pode acceder a moitas máis colmeas!

POR SI MESMO

Os guías do mel algunhas veces visitan as colmeas sós. Cando o fan, van nas mañás nubradas e frescas cando as abellas están adormecidas. Entón poden voar directamente cara á colmea, pero non quedan alí moito tempo. As abellas poderían picalos e non conseguen moita comida.

A LENDA DO GUÍA DO MEL

Os boran contan unha historia sobre o que pasa se non lle deixas ao guía do mel comida como recompensa por mostrarche unha colmea. A próxima vez que o sigas, o guía do mel levarate a algo realmente perigoso, coma unha árbore na que hai un leopardo!

PASADO E FUTURO

O xeito en que os humanos e os guías do mel traballan xuntos é tan efectivo que os científicos cren que deben levar moito tempo facéndoo. As pinturas rupestres dinnos que os africanos levan buscando mel durante 20.000 anos.

Pero esta asociación entre o paxaro e os humanos está en perigo. Moitos guías do mel viven agora en parques naturais onde non se lles permite a entrada aos humanos. E os boran estanse a mudar ás cidades, onde é máis sinxelo mercar unha bolsa de azucre na tenda do que é a busca de colmeas. O guía do mel foi observado chamando polos humanos nos seus patios sen obter resposta.

1.
Que comen das colmeas os boran e o guía do mel?

Os Boran.

1

O guía do mel.

1

2.
Que fan os boran e o guía do mel para axudarse mutuamente?

Os boran.

1

O guía do mel.

1

3.
Por que os boran teñen que moverse tres ou catro veces cada ano?

(A) Para atopar auga.

(B) Para atopar mel.

(C) Para alimentar o seu gando.

(D) Para vender carne e leite.

4.
Escribe dúas cousas das que estean feitas as casas dos boran.

1

1.

2.

5.
Cal das seguintes cousas se pode aprender do recadro Coñece os boran?

(A) Por que os boran non teñen permitido o acceso ás reservas naturais.

(B) Por que os boran levan recollendo mel durante tanto tempo.

(C) Por que os boran están emigrando ás cidades.

(D) Por que os boran foron estudados polos científicos.

6.
Como chaman os boran polo guía do mel?

(A) Utilizan sinais de fume.

(B) Golpean a madeira.

(C) Usan un asubío especial.

(D) Chaman o paxaro polo seu nome.

7.
O guía do mel envíalles mensaxes diferentes aos boran facendo distintas cousas. Enche os espazos en branco para completar a táboa.

Que fai o guía do mel	Que significa para os boran
Voa sobre as copas das árbores.	
	Estanse achegando á colmea.
	Chegaron a carón da colmea.

8.
Por que os boran acenden un lume?

(A) Para conducir o paxaro ata a colmea.

(B) Para facer que as abellas abandonen a colmea.

(C) Para abrir a colmea.

(D) Para mostrar que atoparon a colmea.

9.
Cal é a mensaxe principal d'A lenda do guía do mel?

(A) Debes recompensar o guía do mel.

(B) O guía do mel é un paxaro moi intelixente.

(C) Deberías seguir sempre o guía do mel.

(D) O guía do mel pode ser perigoso.

10.
Por que o guía do mel visita as colmeas pola mañá cando está só?

(A) É máis sinxelo atopar as abellas.

(B) Hai máis larvas alí.

(C) As abellas non están na colmea.

(D) É máis difícil que o piquen.

11.
Cal foi o achado que mostra que os boran e os guías do mel poderían levar traballando xuntos durante miles de anos?

11

12.
Por que a asociación entre o paxaro e os humanos está en perigo?

(A) Os boran xa non necesitan máis o guía do mel.

(B) O guía do mel deixou de seguir os boran.

(C) Pode que aos boran non lles guste máis o mel.

(D) O guía do mel atopou outros tipos de comida.

13.
Utiliza o que liches para explicar que podería necesitar o guía do mel no futuro se máis boran emigran ás cidades.

1

Original ID	WheresTheHoney
Title	Where's The Honey
Answer code	
Images	